



## Liturxia e comunidade<sup>1</sup>

Santiago Agrelo Martínez, OFM

Un non pode adiviñar como será a liturxia das comunidades cristiás para o tempo que vén. Mais si estou convencido de que a capacidade significativa que teña a celebración vai depender en gran maneira dos trazos que teña a comunidade que a faga. De aí o meu propósito de subliñar nesta comunicación, aínda a risco de equivocarme, algúns aspectos da Igrexa que coñezo, á que pertenzo e á que amo, e que, ao meu modo de ver, gardan unha relación moi estreita coa súa liturxia.

Esa Igrexa ten un modo concreto de ser; cada un dos seus membros tense feito dela unha imaxe persoal; e formas e contidos da súa celebración litúrxica son inseparables daquel modo de ser e daquela imaxe<sup>2</sup>.

Na primeira parte desta comunicación tentarei describir o que me parecen feitos de hoxe, que están a condicionar de forma negativa a reforma litúrxica impulsada polo Concilio Vaticano II e polo maxisterio pontificio; na segunda, indicarei algúns campos que creo necesario traballar para chegar a unha celebración litúrxica mellor

---

1 Para un relatorio tido en Valencia hai xa varios anos redactou o autor este traballo. Sen máis precisións cronolóxicas seguras, deducimos que, abofé, foi feito bastante antes do inicio do pontificado de Francisco. Desculpe o lector a falla de referencias bibliográficas actuais –ao autor foille imposible refacelo– pero comprobe que as afirmacións do corpo principal do artigo seguen a ter máxima actualidade e amosan unha valente e profética coincidencia coa liña pastoral do actual bispo de Roma e sucesor de Pedro.

2 «A liturxia é manifestación da Igrexa e inclúe unha eclesioloxía»: A. G. MARTIMORT, «A Constitution “Sacrosanctum Concilium” vingt-cinq ans après»: *Notitiae* 25 (1989) 51-67. Cita tomada de G. ZANON, «I “bilanci” sulla Costituzione “Sacrosanctum Concilium” e a sua attuazione»: *Rivista Liturgica* 77 NS (1990) 120-121.